

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 11/05/1976

Colección:

Data: 11/05/1976

De:

Domingo García-Sabell;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Figuracións; Medios de comunicación; Prensa escrita;

Mencionados:

Ramón Otero Pedrayo; Maruxa Seoane; Elena Tormo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 11/05/1976

11-V-76

Querido Luis:

Aledoume moito que as páxinas do meu Xornal –que ti escoitaras en Arenas– foran, agora, do teu gusto. Como outras moitas sobor de tí, aínda inéditas, foron escritas con absoluta sinceridade –i entranable emoción–.

Respecto ás Figuracións, penso que debes seguir. Non importa que os retratados sexan persoas alleas. Sempre interesan, e o ambiente que eu recollo non é, nin moito menos, de cansacio. O que importa é elixir ben, e polo momento non vín ningunha figura anodina. Noutras verbas: a sección está viva. Compre, pois, non mata-la.

Eiquí andivemos –e andamos– moi conmovidos co pasamento de don Ramón. O enterro foi un espectáculo impresionante de forza galega e de unanimidade patriótica. Xa che contarei.

É estupendo que teñas tanto traballo –e tanto éxito–. Pro o que a mín me gustaría é que voltases axiña. Temos moito qué facer. Polo pronto, o libro encol de Santiago, que eu penso escribir tan pronto como nos reunamos. Anímate, e apresura o regreso.

Xa teño o número de Grial. Na vosa agarda, envío de parte de Elena e miña, fortes apertas para Maruxa e para ti.

Domingo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.